¡¡¡A CUARTOS DE FINAL¡¡¡

O ALEVÍNS DO NUMANCIA AOS CUARTOS DE FINAL DA COPA COMO CAMPIÓN DO GRUPO 2º.

Os Pinares, 14 de maio do 2010.

5ª Xornada de Copa, categoría alevíns, grupo 2º.

CCDR PERLIO 0 – SDR NUMANCIA 4.

ALINIACIÓNS:
Perlío: Andrés, Diego, Bruno, Andrés, Daniel, Adolfo, David, Alejandro, Mario, Bruno e Francisco.

Numancia: Adrián, Fran F., Nico, Alexis, Miguel (capitán), Pablo, Sergio, Luís, Óscar, Piñeiro, Antón e Carlos.

GOLES: Carlos (2), Piñeiro e Antón.

ÁRBITRO: D. Fernando Caruncho Paz (Delegación de Ferrol).

COMENTARIO:
Última xornada da fase de grupos onde ó Numancia venceu o Perlío nas renovadas instalacións dos Pinares en Fene, certificando con esta victoria o seu pase ós cuartos de final de Copa como campión do grupo 2º.
Tarde de venres con nubes altas e moi boa temperatura. Ás 5 da tarde daba comezo o partido no que o Numancia nos primeiros 10 minutos, máis por empuxe que por bo xogo, tería varias

ocasións para adiantarse no marcador. Tamén o Perlío, en balóns longos que superaban a unha excesivamente relaxada defensa aresá, tivo a oportunidade de poñerse por diante. Pero a partir do minuto 15 de xogo, ós aresán foron quen de darlle máis ritmo a circulación de balón, sen presas, con fluidez, buscando saída na defensa e ata co porteiro cando era necesario. Froito dese dominio abrumador na posesión de balón, nunha xogada por banda Piñeiro centra e Carlos remata de cabeza na área conquerindo o 0 a 1 no marcador. Tivo máis ocasións o Numancia nos últimos minutos da primeira metade, e nunha delas Carlos en xogada individual faría o 0 – 2, co que se chegou o descanso.

Na segunda metade, o Numancia acumulou moitas imprecisións nos pases, debido o relaxamento e a falta de concentración. Isto propiciaba moitas faltas, balóns soltos que non iban a ningures… un ritmo soso de partido, lento e aburrido. O Perlío non aproveitou esos minutos malos dos aresáns, e no último treito de partido cegarían os dous últimos goles aresáns. O 0 – 3 unha falta sacada rápidamente con pillería por Sergio asistindo a Piñeiro que so ante o porteiro introduce o balón na portería. O 0 – 4 definitivo nunha preciosa xogada combinativa entre Carlos en Antón, con varias paredes sendo Antón o encargado de finalizar esa bonita acción ofensiva numantina cun disparo o fondo das mallas da portería fenesa. Poideron ser mais ós goles aresáns, pero a ambición individual impúxose a colectiva nos últimos minutos, “uns por outros e a casa sen barrer”, moito haberá que mellorar nese aspecto de cara os próximos partidos senón queremos levarnos unha decepción. Ó facer cada un a guerra pola súa conta, o resultado non se moveu quedando nun 0 – 4 favorable ós numantinos.

En resumo, partido moi cómodo para o Numancia. Encontro que tivo de todo, relaxación, momentos onde vimos o mellor fútbol da tempada, ímpetu… pero tamén algo de egoísmo… haberá que seguir mellorando os aspectos positivos e corregir con moita urgencia ós negativos.

O mellor de todo, ó Numancia quedou campión do grupo 2º de Copa, con 5 victorias de 5 posibles, 28 goles a favor e 3 en contra. ¡¡¡Anécdotico¡¡¡ Hai que recoñecerlles ós rapaces o gran traballo nos adestramentos, na competición de Liga e no que vai de Copa. ¡¡¡Pero nos somos esixentes por natureza¡¡¡ Intentaremos mellorar en todos ós aspectos, aínda queda moito marxe de mellora. Nos cuartos de final enfrontarémonos ante un equipo forte, aínda non sabemos cal é, pero o que é seguro e que será un dos mellores oito equipos da competición, polo tanto necesitaremos todas as nosas virtudes, e ningún dos nosos defectos para sacar adiante ese encontro.

Polo tanto, aínda non sabemos data nin rival, debido a circunstancias externas alleas a nosa entidade. O que si sabemos é que sera a domicilio. En canto saibamos, data e rival informaremos a toda a afición numantina para que estea apoiando ós nosos nenos, o noso equipo alevín nos Cuartos de Final de Copa Alevín nesta tempada 2009/2010.

¡¡¡VEMONOS NO CAMIÑO¡¡¡

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡